

# A verdade sobre o caso Navaza

## I

Durmira mal aquela noite. Catro ou cinco whiskies de máis, algun repaso á prensa na madrugada e unha breve ollada aos despregábeis da revista Tiempo abondaron para entregarme unha noite máis á vi-xília. Ben. Cando por fin calcei as zapatillas sen considerar sequer que alguén puidese correxirme polo uso dun morfema improcedente, decateime de que ia ser unha noite máis, sen sequer a posibilidade de trocar o calzado por zapatelas, calças ou just a pair of sleepers. Neón escitilando fóra da fiestra, fume de batea, alguén chama por teléfono, seguramente desde unha cabina perto da estación. Catro tons infindos, música de jazz no fondo e unha voz tremendo:

— Jack? Son Broderick. Témonos que ver. Referente á Navaza.

— Sucedeu algo, Jeremy?

— Teño entendido que o Domingo haberá novas. As Trade Unions están dispostas a intervir.

— Ben, mañá vémonos. Dille a Red que me chame axiña. Deus santo, teremos que actuar antes de que Camilo abra o pico no Parlamento.

## II

— Ai! Non, non vou tomar alcohol. Prefiro un bitter sin, é que estou feita un círio. Non sei se tomar un Valium ou un Buprex, bueno, médio Buprex... Mañá empezo co magazine e, se queres que che diga, pois non sei nen os invitados que teño, nen que lles vou perguntar... imaxínate... É que vós non sabedes a responsabilidade que dá o porse diante dunha cámara, porque non son catro amigos nen catro coñecidos... Son milleiros de galegos deprocátaste?

— De que?

— Deprocátaste, ou che, deprocátasteche ou algo asi. Díxome un amigo de Filoloxia que a forma correcta era con che... ou con é... Bueno, mira... unha vez no aire, xa che sai a cousa do máis normal.

## III

— A ver, Castro, dígalle a Fandiño que veña decontado. Isto non pode seguir asi...

- Deste xeito...
- No me corrija; Castro, que le paso a nivel uno.
- A la orden de usía.

(...)

— Fandiño, a partir de mañá, Tareysa Navaza, a redacción. Xa está ben de tanto opinar. Hoxe entrevistou a López Suevos, e hai dous meses, que eu gravo todo, entrevistou a Elvira Souto Presedo...

— Antolín Sánchez Presedo sai todos os días no Telexornal...

— Unha cousa é o Telexornal e outra é un magazine. Ademais o conselleiro chámase Presedo, non necesita andar pondo nengun Souto diante... O que vale, vale, e o que é galego non necesita chamarse con nomes artísticos...

— Pero...

— Nen pero nen Alonso Montero. Proceda. E que veña deseguida a rapaza esa nova...

— A da minisaia?

— Xa estamos, Fandiño? Non empecemos con segundas intencións. Que suba a da minifalda esa, que hai que famirializala co meio...

#### IV

— Xosé Manuel!, Xosé Manuel!

— Hola Tareixa...

— Hola. Que ben che queda o chapéu.

— É un Borsalino. Tróuxomo Aurora de Barcelona... Que tal?

— Non te inteiraches... A partir da mañá xa non saio en pantalla.

— Xubílaste? Non, non me fagas rir, que inda tes carrete para rato...

— Chamoume Villot ao seu despacho, e seica queren iso que chaman tempos mellores...

— Xa...

— Van pór unha minisaieira...

— Saieira... Ah, un bollo...

— Exactamente... Frivolidade, cousa populacheira... Mira, Xosé Manuel, estou indignada... Porque unha cousa é o touciño e outra é a libertinaxe... E eu non teño nada contra as minisaieiras, pero, sabes cantos anos levo eu en Raxoi?

— Eeeer... Lino na "Enciclopédia", pero agora, asi de datas, non recordo...

— Mira, Xosé Manuel, isto clama ao céu... Porque non é un asunto persoal. Aquí do que se trata é dun atentado á liberdade de

expresión. Así de claro...

— Non te preocupes, Tareixa, que hoxe teño consello e vou informar... Chámote á noite.

— Estarei na casa...

## V

Compañeiros, logo do exposto, ábrese un turno de intervencións. Por favor, a mesa roga brevidade porque xa son as dez e andamos pillados de tempo...

— Ben... Eu quería subliñar arestora que a nosa responsabilidade é a de denunciar estes feitos co gallo de impedir que agresións coma estas que ven de denunciar o compañeiro se volvan repetir.

— Ben, Ramiro... Agora ten a palabra Roxélio.

— Eu subscribo a proposta do compañeiro e se vos parece...

— Se vos parece podemos proceder a votar...

— Por min non hai inconvincente...

— Nen inconvincente nen incontrinta... Hale. Votos a favor... cen... votos en contra...

— Aquí!

— Votos en contra... Ti, Manolito, sempre incordiando, carallo... Hala... Pois se queres figurar en acta, pois non che imos deixar sen posteridade...

## VI

— Pois nada, Pepin, a ver se nos vemos unha noite destas e tomamos unhas copas... Había tempo que non nos viamos...

— Ben tempo, si... Bueno... Até máis ver...

— Ah, por certo, bótame unha firma aquí... É por un rolo de liberdade de expresión... Firmou xa Ferrín e... Firmou tamén Albino Mallo, e firmou... firmou tododiós... E logo os partidos todos, e os sindicatos...

— E Freixanes? Firmou Freixanes?

— Non o localicei, pero ese é dos que firman.

— E Xavier Seoane? Firmou Xavier Seoane?

— Ese tamén firma... Pero claro, non vas convocar unha asemblea en Económicas só para que firmen... Todo leva o seu tempo. Unha vez que teñamos todas as firmas, publicámolas na Voz...

— Firmaría Lois Diéguez...

— Home! e o Manuel, e máis o Cesáreo, se aquí firma tododiós... E ademais o dezanove ímonos manifestar en Santiago...

- Na Alameda...
- Home, xa me dirás onde...

## Comentário do doutor Campos

Ignoro que se agacha detrás do apelido Villot, pero non resulta difícil sospeitar que detrás dese morfema con aspecto de topónimo xerundense agáchase un señor que se fai cargo dun centro de televisión de provincias emitindo pola segunda cadea. Sóanme máis os apelidos Lombao ou Cribeiro. Incluso Cochón. Pero o certo é que non teño nen a máis remota idea do que pode implicar o simple feito de apelidarse de modo xerundense e dirixir un centro televisivo relegado a unha eterna rexional B.

Coñezo, iso si, o apelido Navaza, que con méritos propios transcende a puro patronímico. Porque aquí, na Galiza, mentres o vocábulo Villot pode lembrar a referencia xeográfica, o termo Navaza pode incluso condicionar a existencia de xornalistas tan prestixiados como Xavier Navaza, espello de amanuenses capaz de elaborar discursos de despedida dun presidente e de benvida do seguinte coa mesma profesionalidade dun baterista dos Satélites que non varia o swing sexa Puchó Boedo ou Sito Sedes o vocalista. Tareixa Navaza non é unha nómima, nen materia de convénio. Pertence á clase de xente que está aí desde antes de que alguén se lle ocorrese inventar a fórmula máxica dos magazines televisivos. Como as intemporais telefonistas do Instituto Nacional de Previsión que agora resgatamos nos vellos filmes de RKA e que hoxe atopan lugar incómodo e inóspito no complexo de San Caetano, contestando impertérritas un sonete de contestador automático que repite “Consellería de Ordenación do Territorio, digamé, con acento no é” habituadas como estaban durante corenta anos a responder cun seco e definitivo “A ver!” no máis puro estilo de Enrique el Escobilla, ínclito bedel da Academia Galicia.

Tareixa Navaza, que é un raro espécime de sorriso vital e permanente, un ser miúdo e fresco, polivalente como poucos hai, resulta unha síntese andante de muller, amiga, esposa, amante, soldado, coñecido de vello, buzón agradecido en cidade estraña con tarxeta postal selada primeira páxina con noticia fresca, presenza cantarina, é unha persoa que se debe á vida e resulta tamén un pedazo de xeografía sentimental. Todos sabemos que cando alguén decidiu instalar na Galiza unha corresponsalia da Televisión española pensou en Maria Tareixa Navaza inda que non a coñecera. A Navaza estaba aquí, a intrusa era a televisión:

De maneira que aquí na Galiza ou no centro rexional operouse un